

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que se recibíó neste Servicio un escrito de D. Guillermo Tomás García, en calidade de presidente da Xunta de Montes de Vilavella e Canda, con data do 10 de novembro de 1998, solicitando a transformación en convenio dos consorcios subscrito coa Administración Forestal.

2º.- Que se acompaña certificación do secretario da comunidade D. Xoan Canosa Orón, na que se fai constar que en asemblea xeral, en data 20 de abril de 1997, se tomou o acordo de iniciar ós trámites para subscripción do convenio.

3º.- Que o monte veciñal en man común de "Zureira, Serrilla e Aguallal" que se quere convenir se compón de 759 Has. na súa totalidade, das cales 220 Has. constitúen unha parte das 465 Has. que forman o consorcio do monte "Castelo" (OR-2037), 261 Has. constitúen unha parte das 773 Has. que forman o consorcio "S^a de Campillos" (OR-3032) e 278 Has. que constitúen o consorcio do monte "Lagoazas" (OR-3031) na súa totalidade.

4º.- Que en sesión do 25 de xuño de 1976, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar o monte "Zureira, Serriña e Aguallal" a favor dos veciños de Vilavella e Canda do termo municipal de A Mezquita, sendo firme o acordo o non ter reclamacións presentadas en prazo.

5°.- Que os traballos de repoboación imputables os consorcio "Castelo (OR-2037), "Lagoazas" (OR-3032) e S^a de Campillo" (OR-3031) comenzaron no ano 1951, o primeiroiro e 1955 os dos restantes....

6°.- Que o estado de contas do monte "Castelo" (OR-2037) na parte correspondente os veciños de Vilavella e Canda é o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO MONTE "CASTELO", (OR-2037), NA PARTE CORRESPONENTE OS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA, TERMO MUNICIPAL DE A MEZQUITA.

6.1. ATA O 25 DE XUÑO DE 1976

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio: 3.416.582.-Ptas.

Corresponden os veciños de Vilavella e Canda

-Traballos: 3.416.582 ptas. x 220/Ha./465 Ha. 1.616.447.- "

-Gardería: 625ptas./Ha.220 Has. 137.500.- "

-Administración: 7.85: s/1.616.447 Ptas. 126.891.- "

TOTAL GASTOS..... 1.880.838.- Ptas.

-INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio..... 0.-Ptas.

-Condoación débeda lei 13/1989.....1.880.838.-Ptas.

TOTAL INGRESS.....1.880.838.-pTAS.

Resulta un saldo de CERO PESETAS na data da clasificación.

6.2 DENDE O 25 DE XUÑO DE 1976 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1993

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio: 17.579.443.-Ptas.

Corresponen os veciños de Vilavella e Canda:

-Traballos: 17.579.443.-Ptas.x220Ha./465 Ha. 8.317.156.- "
 -Gardería; 785ptas./Ha.x220 Ha. 172.700.- "
 -Administración: 7,85% s/ 8.317.156.-Ptas... 652.897.- "
 TOTAL GASTOS 9.142.753.-Ptas.

-INGRESOS:

Ingresos totais do Consorcio: 975.864.-Ptas

-Corresponden os veciños de Vilavella e Canda:

975.864 ptas. x 220 Hás./465 Ha. 461.699.-Ptas
 TOTAL INGRESOS 461.699.-Ptas

RESULTA UN SALDO NOMONTE "CASTELO" (OR-2037) NA PARTE CORRESPONENTE OS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA NO PERIODO 1976-1993 DE:

G - I = 9.142.753.- Ptas.- 461.699.- Ptas. = 8.681.054 Ptas.
 A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

6.3 DENDE O 1-1-93 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1997

- GASTOS:

ANO	INVERSIÓN	COFINANCIADO U.E.	INVERSION COMPUTABLE
1994	5.788.034 Pts. (72,5%)	4.196.325.-Pts.	1.591.709.-Ptas.
1995	1.095.471 Pts. (72,5%)	794.216.-Pts.	301.255.- "
1996	2.721.936 Pts. (72,5%)	1.973.404.-Pts.	748.532.- "
1996	7.368.560 Pts. (80%)	5.894.848.-Pts.	1.473.712.- "
1997	<u>574.036 Pts. (72,5%)</u>	<u>416.176.-Pts.</u>	<u>157.860.- "</u>
TOTAL	17.548.037 Pts.	13.274.969.-Pts.	4.273.068.-Ptas.

Corresponde ós veciños de Vilavella e Canda:

- Traballos: 4.273.068pts.x220 Ha./465 Ha.	2.021.667.-Ptas.
- Gardería: 225 ptas./Hax 220 Ha.	49.500.- "
- Administración: 7,85% s/2.021.667 Ptas.	<u>158.701.- "</u>
TOTAL GASTOS.....	2.229.868.-Ptas.

- INGRESOS:

- Ingresos totais do consorcio.....	84.575.-Ptas.
-------------------------------------	---------------

Corresponden ós veciños de Villavela e Canda

- Aproveitamentos maderables:	
84.575ptas. x 220 Has./ 465 Ha.	<u>40.014.-Ptas.</u>
TOTAL INGRESOS.....	40.014.-Ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "CASTELO" (OR-2037) NA PARTE CLASIFICADA PARA OS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA NO PERÍODO 1994-1997 DE:

$G - I = 2.229.868.-Ptas. - 40.014.-Ptas. = 2.189.854.-Ptas$ A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

6.4.- O SALDO DA CONTA DO MONTE "CASTELO" (OR-2037) NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA É DE:

- ano: 1952 - 1976 =	0.-Ptas.
- ano: 1977 - 1991 =	8.681.054.- "
- ano: 1994 - 1997 =	<u>2.189.854.- "</u>
TOTAL.....	10.870.908.-Ptas.

7°.- Que o estado do contas de monte "S^a de Campillos" (OR-3032) é o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO MONTE "S^a DE CAMPILLOS" (OR-3032) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA, TERMO MUNICIPAL DA MEZQUITA.

7.1 ATA O 25 DE XUÑO DE 1976

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio: 4.727.043.-Ptas.

Corresponden ós veciños de Vilavella e Canda

-Traballos: 4.727.043ptas.x261 Ha/773 Ha. 1.596.065.-Ptas.

-Gardería: 565 ptas./Ha. x 261 Has. 147.465.- "

-Administración: 7,85% s/1.596.065 Ptas.. 125.291.- "

TOTAL GASTOS 1.868.821.-Ptas.

- INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio 0.-Ptas.

-Condoación débeda lei 13/1989 1.868.821.- "

TOTAL INGRESOS..... 1.868.821.- Ptas.

Resulta un saldo de CERO PESETAS na data da clasificación.

7.2 DENDE O 25 XUÑO DE 1976 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1993

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio: 20.822.519.- Ptas.

Corresponden ós veciños de Vilavella e Canda:

- Traballos:20.822.519.-Ptas.x261Ha./773Ha. 7.030.631.-Ptas.

- Gardería: 785 ptas./Ha. x 261 Ha. 204.885.- "

- Administración: 7,85% s/7.030.631.-Ptas.. 551,905.- "

TOTAL GASTOS 7.787.421.- Ptas.

- INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio: 0.-Ptas.
TOTAL INGRESOS. 0.-Ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "S^a DE CAMPILLOS" (OR-3032) NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA NO PERIODO 1976-1993 DE:

G - I = 7.787.421.-Ptas. - 0 Ptas. = 7.787.421.-Ptas.- A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

7.3 DENDE O 1-1-93 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1997

- GASTOS:

ANOS	INVERSION	COFINANCIADO U.E.	INVERSIÓN COMPUTABLE
1994	1.882.893Pts.	(72,5%) 1.365.097.-Pts.	517.796.-Ptas.
1995	2.632.816 "	(72,5%) 1.908.792.- "	724.024.- "
1996	659.868 "	(72,5%) 478.404.- "	181.464.- "
1997	0 "	0.- "	0.- "
TOTAL	5.175.577Pts.	3.752.293.-Pts.	1.423.284.-Ptas.

Corresponde os veciños de Vilavella e Canda:

- Traballos:	1.423.284ptas.x 261 Ha./773Ha.	480.565.-Ptas.
- Gardería:	1.423,284ptas. x 261 Ha.	58.725.- "
- Administración:	7,85% s/480.565 ptas.	<u>37.724.- "</u>
TOTAL GASTOS		577.014.-Ptas.

-INGRESOS:

- Ingresos totais do consorcio 0.-Ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "S^a DE CAMPILLOS" (OR-3032) NA PARTE CLASIFICADA POLOS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA NO PERIODO 1994-1997 DE:

G - I = 577.014.- Ptas. - 0 Ptas. = 577.014.-Ptas.

7.4.- O SALDO DA CONTA DO MONTE "S^a DE CAMPILLOS" (OR-3032) NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE VILAVELA E CANDA É DE:

- ANO: 1955 - 1976	=	0.-Ptas.
- ANO: 1977 - 1993	=	7.787.421.-Ptas.
- ANO: 1997 - 1997	=	<u>577.014.-Ptas.</u>
Total		8.364.435.- Ptas.

8°.- Que o estado de contas do monte "Lagoazas" (OR-3031) é o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO MONTE "LAGOAZAS", (OR-3031), NA PARATE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA, TERMO MUNICIPAL DA MEZQUITA.

8.1 ATA O 25 DE XUÑO DE 1976

- GASTOS:

- Traballos:	1.388.810.-Ptas.
- Gardería: 565 ptas./Ha.x278 Has.	157.070.-Ptas.
- Administración: 7,85% s/1.388.810Ptas.	<u>109.022.-Ptas.</u>
TOTAL GASTOS	1.654.902.-Ptas.

INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio	0,-Ptas.
Condoación débeda lei 13/1989.....	<u>1.654.902.-Ptas.</u>
TOTAL INGRESOS	1.654.902.-Ptas.

Resulta un saldo de CERO PESETAS na data da clasificación.

8.2 DENDE O 25 DE XUÑO DE 1976 ATA O 31 DE DECEMBRE DE 1993

GASTOS:

- Traballos:	17.884.092.-Ptas.
- Gardería: 785 ptas./Ha.x278 Ha.	218.230.-Ptas.
- Administración: 7,85s/17.884.092.-Ptas.	<u>1.403.901.-Ptas.</u>
TOTAL GASTOS.	19.506.223.-Ptas.

-INGRESOS:

Ingresos totais do Consorcio:	<u>0,-Ptas.</u>
TOTAL INGRESOS.	0,-Ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "LAGOAZAS" (OR-3031) NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA NO PERIODO DE 1976-1993 DE:

G - I = 19.506.223.-Ptas.- 0,- Ptas. = 19.506.223.- Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

8.3.-DENDE O 1-1-93 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1997

- GASTOS:

<u>ANO</u>	<u>INVERSION</u>	<u>COFINANCIADO U.E.</u>	<u>INVERSION COMPUTABLE</u>
1994	0.-Pts.	0.-Pts.	0.-Pts.
1995	1.073.040.-Ptas. (72,5%)	777.954.-Ptas.	295.086.-Ptas.
1996	0.-Pts,	0.-Pts.	0.-Pts.
1997	<u>0.-Pts.</u>	<u>0.-Pts.</u>	<u>0.-Pts.</u>
TOTAL	1.073.040.-Ptas,	777.954.-Ptas.	295.086.-Ptas.

- Traballos:	295.086.-Ptas
- Gardería: 225 ptas./Ha. x 278 Ha.	62.550.-Ptas
- Administración: 7,85% s/295.086 Ptas.	<u>23.164.-Ptas</u>
TOTAL GASTOS.....	380.800.-Ptas

- INGRESOS:

- Ingresos totais do consorcio	<u>0.-Ptas</u>
TOTAL INGRESOS	0.-Ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "LAGOAZAS" (OR-3031) NA PERIODO DE 1993-1997 DE:

$G - I = 380.800.-Ptas. - 0 Ptas. = 380.800.-Ptas.$ A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

8.4.- O SALDO DA CONTA DO MONTE "LAGOAZAS" (OR-3031) PERTENCENTE OS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA É DE:

ANO: 1955 - 1976 =	0.-Ptas.
ANO: 1977 - 1993 =	19.506.223.-Ptas.
ANO: 1993 - 1997 =	<u>380.800.-Ptas.</u>
TOTAL	19.887.023.-Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

9°.- Que a débeda do monte que se vai a convenir é a seguinte:

- Do monte "Castelo" (OR-2037)	10.870.908.-Ptas.
- Do monte "S ^a de Campillos" (OR-3032)	8.364.435.-Ptas.
- Do monte "Lagoazas" (OR-3031)	<u>19.887.023.-Ptas.</u>
TOTAL	39.122.366.-Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

seguintes 1°.- Que se aprobe o convenio do monte coas bases:

Nome: "ZUREIRA, SERRIÑA E AGUALLAL".

Elenco: 32155133

Superficie: 759 Hás.

Pertenza: Veciños de Vilavella e Canda.

Termo municipal: A Mezquita.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do Convenio: 39.122.366.- Ptas. a

favor da XUNTA DE GALICIA.

2037) teña 2°.- Que no sucesivo o consorcio "CASTELO" (OR- as seguintes características.

Nome: "CASTELO".

Elenco: 2037

Superficie: 245 Hás.

Pertenza: Veciños de Castromil e Santigoso.

Termo municipal: A Mezquita

A restar da conta de Gastos: 11.955.270.- Ptas.

A restar da conta de Ingresos: 501.713.- Ptas.

3°.- Que no sucesivo o consorcio "S^a DE CAMPILLO" (OR-3032) teña as seguintes características:

Nome: "S^a DE CAMPILLOS".

Elenco: OR-3032

Superficie: 512 Has.

Pertenza: Veciños de Pereiro.

Termo municipal: A Mezquita.

A restar da conta de gastos: 9.107.261.-Ptas.

A restar da conta de ingresos: 0.-Ptas.

4º.- Que o tratarse da transformación da totalidade do consorcio do monte "LAGOAZAS" (OR-3031) queda cancelado.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 1998.


O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

Vº. Bº.

O DIRECTOR XERAL



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de transformación parcial dos consorcios OR-2037 do Monte Castelo (220 Has.) consorcio OR-3032 do Monte S^a de Campillos (261 Has.) e a transformación total do consorcio OR-3031 do Monte "LAGOAZAS" (279 Has.) nun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade de Vilavella e Canda propietarias do monte "Zureira, Serriña e Aguallal", constituido por 759 Has. e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 1998.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'J. T. Rocha'.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL. -

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.-Aproba-lo Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "ZUREIRA, SERRIÑA E AGUALLAL".

Elenco: 32155133

Superficie: 759 Hás.

Pertenza: Veciños de Vilavella e Canda.

Termo municipal: A Mezquita.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do Convenio: 39.122.366.-Ptas. a favor
da XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "CASTELO" (OR-2037)
teña as seguintes características:

Nome: "CASTELO".

Elenco: 2037.

Superficie: 245 Hás.

Pertenza: Veciños de Castromil e Santigoso.

Termo municipal: A Mezquita

A restar da conta de Gastos: 11.955.270.-Ptas.

A restar da conta de Ingresos: 501.713.-Ptas.

3º.- Que no sucesivo o consorcio "Sª DE CAMPILLO"
(OR-3032) teña as seguintes características:

Nome: "Sª DE CAMPILLOS"

Elenco: OR-3012

Superficie: 512 Hás.

Pertenza: Veciños de Pereiro.

Termo municipal: A Mezquita.

A restar da conta de gastos: 9.107.261.-Ptas.

A restar da conta de ingresos: 0.- Ptas.

4º.- Que o tratarse da transformación da totalidade
do consorcio do monte "LAGOAZAS" (OR-3031) queda cancelado.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 1998.

O CONSELLEIRO,

P/O 12/01/98

O SECRETARIO XERAL,



José Luis Aboal Garcia-Tuñon.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	55133
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. GUILLERMO TOMAS GARCIA como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE VILAVELLA E CANDA, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

- a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.
- b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.
- c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.
- d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).
- e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a OS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDA

e son os que a continuación se describen:

Denominación: ZUREIRA, SERRIÑA Y AGUALLAL

Termo municipal: A MEZQUITA Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal MONTE VECIÑAL EN MAN COMUN PERTENCENTES OS VECIÑOS DE
VILAVELLA E CANDÁ

Límites:

N.: TERMINO MUNICIPAL DE PORTO (ZAMORA) (MONTE DE VILLANUEVA DE LA SIERRA)

S.: MONTE DE CASTROMIL Y MONTE Y TERMINO DE SANTIGOSO

L.: TERMINO MUNICIPAL DE LUBIAN (ZAMORA) (MONTE DE LAS HEDRADAS)

O.: TERMINO Y MONTE DE PEREIRO

Superficie: 759,00 HAS

Estado forestal: REPOBLACION FORESTAL DE P. PINASTER Y P. SYLVESTRIS

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes: ALGUNHA DE PASO

3ª.- O chan continuará pertencendo a OS VECIÑOS DE VILAVELLA E CANDÁ

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-2037 (220,00 HA) OR-3031 (278,00 HA)
OR-3032 (261,00 HA)

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de CUARENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subenténdase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINUS PINASTER
PINUS SYLVESTRIS E OUTRAS ESPECIES QUE SE CONSIDERE ÓPTIMA PARA OS MONTES

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don VICENTE DAVID ALONSO FERNANDEZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado Montes de zureira, SERRIÑA Y AGUALLAL a favor dos veciños de Villavieja e A Canda, concello da Mezquita. -----

2.—Que, así mesmo, figura Don Guillermo Tomás García, e Don Juan Ramón Canosa Ozón, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deca c 5 de outubro 1994 ata 5 de outubro de 1998. -----

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense, a 20 de marzo de 1998.



Don XOAN R. CANOSA OZON, Secretario de LA XUNTA DE MONTES DE VILAVELLA E CANDA

CERTIFICO : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 20 DE ABRIL DE 1997 estando designado Don GUILLERMO TOMAS GARCIA representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en VILAVELLA (OURENSE)

a OITO de NOVIEMBRE de mil novecientos noventa e SETE .

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo. : GUILLERMO TOMAS GARCIA

Asdo. : XOAN R. CANOSA OZON

Don TOMAS FERNANDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,



CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ 12/01/98

Asdo.: Jose Luis Aboal Garcia-Tuñon. Secretario Xeral.